

O MEIXOEIRO “ABRE” A SÚA CONSULTA DE ASMA A TODA A POBOACIÓN

- ***Alergoloxía do CHUVI organiza actividades abertas á cidadanía dentro dos actos de celebración do Día Mundial da Asma***
- ***Ata un 80% dos casos diagnosticados polos facultativos son de orixe alérxica***
- ***Baixo o lema “STOP á asma” preténdese facer fincapé nas claves que permiten controlar a enfermidade***
- ***Os especialistas consideran que o 5% dos adultos e polo menos o 10% dos nenos e adolescentes sofren esta patoloxía***

Vigo, 10 de maio de 2019. O servizo de Alergoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) organiza este venres unha serie de actividades dentro da xornada de portas abertas con motivo dos actos do Día Mundial da Asma.

Os eventos levaranse a cabo na zona de consultas do servizo, no Hospital do Meixoeiro, onde se instalarán mesas informativas entre as 11 e as 13 horas. Nas mesmas realizaranse unha serie de talleres orientados a sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade de previr a asma e de mantela baixo control naqueles casos xa diagnosticados.

A poboación en xeral que acuda á zona de consultas de Alergoloxía poderá tamén recibir consellos ou pasar consulta cos especialistas.



Posteriormente, sobre as 13 horas, haberá unha charla coloquio para dar a coñecer máis detalles desta patoloxía e resolver as dúbidas que tanto pacientes como acompañantes ou cidadáns en xeral expoñan aos propios facultativos ou ao persoal de enfermaría.



Campaña Nacional

O Día Mundial da Asma foi o pasado martes, pero os actos de concienciación cidadá pospuxéronse ata o venres. O CHUVI súmase así un ano máis á celebración auspiciada pola *Global Initiative for Asthma* (GINA) e participa na campaña que organiza a nivel nacional a Fundación AstraZeneca, que está avalada pola *Federación Española de Asociacións de Pacientes Alérxicos e con Enfermidades Respiratorias* (FENAER).

“O lema deste ano é ‘STOP á asma’ e con el preténdese insistir nas claves de como se pode controlar esta enfermidade respiratoria alérxica ata nun 80% dos casos”, explica a alergóloga do CHUVI, Mónica Fernández.

O acrónimo “STOP” pretende axuntar catro desas claves: Síntomas, que hai que avaliar; Testar a resposta á medicación; Observar e asesorar ao paciente; e Proceder a axustar o tratamento se fose necesario.



O obxectivo da campaña á que se suma o CHUVI é concienciar á poboación das cargas que supón a enfermidade a quen a padece e da posibilidade de tela baixo control, levando unha vida saudable sen limitacións.

“A pesar de que cos tratamentos dispoñibles na actualidade a maior parte dos pacientes poderían estar controlados e facer vida normal, hai factores como a falta de diagnóstico ou de adhesión á medicación que o impiden. A consecuencia é que miles de pacientes asmáticos están mal controlados”, subliña a doutora Fernández. Ao redor do 53% dos pacientes con asma non están controlados.

Enfermidade cada vez máis frecuente

Segundo os datos do servizo de Alergoloxía do CHUVI, a asma é unha enfermidade crónica cada vez máis frecuente. Calcúlase que a padece o 5% da poboación adulta e o 10% dos nenos e adolescentes.

Os especialistas consideran que ata 8 de cada 10 casos de asma son de orixe alérxica. A asma supón o segundo motivo de consulta entre os pacientes que acoden por primeira vez ao alergólogo, ao redor dun 23% dos pacientes vistos por estes especialistas.

